

actividade: **presentación do Estoxo Viaxeiro sobre Xitanos**
data e hora: **mércores 13 de xuño ás 18h00**
lugar: **biblioteca municipal Xosé Neira Vilas** (*Martínez Garrido 21, Vigo*)

A Fundación Secretariado Xitano xunto á biblioteca Xosé Neira Vilas temos o gusto de vos convidar á presentación do Estoxo Viaxeiro sobre os Xitanos que se vai celebrar o mércores 13 de xuño ás 18h00 na biblioteca municipal Xosé Neira Vilas (*Martínez Garrido 21*).

Con este estoxo tentamos abrir unha fiestra para mirar a cultura Xitana dende moitos lugares a comida, a música, a literatura, a historia... No estoxo presentamos unha escolma do xitano, que entendemos que pode ser unha ferramenta útil para achegar a súa realidade a escolares, adultos ou familias.

Na presentación ademais de presentar o contido do estoxo, haberá contos, xogos para os máis cativos, música e tamén moitos olores e sabores.

Agardamos a vosa compañía!

Organizan:

Biblioteca Municipal Xosé Neira Vilas

Avenida Martínez Garrido 21, 36205 (Vigo)

986 267 759 | bpneiravilas@vigo.org | http://www.ltmbibliotecas.es/xuno_2012.htm

| <http://bpvigoneiravilas.blogspot.com.es/>

Fundación Secretariado Xitano - Vigo

Burgos 9 baixo, 36205 (Vigo)

986 260 255 | fsgvigo@gitanos.org | <http://www.gitanos.org/zonas/galicia/index.html>